



Acordo da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) do 30 de setembro de 2009, polo que se aproba o regulamento de funcionamento desta Comisión.

As reformas operadas pola entrada en vigor da Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se reforma a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como as novas esixencias derivadas do novo contexto universitario deseñado polo Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), implican que os distintos órganos de avaliación, que operan dentro do ámbito da garantía da calidade universitaria en Europa, deban axustar a súa actuación a novos estándares internacionais de calidade, fomentando o establecemento de mecanismos de cooperación e recoñecemento mutuo. Neste ámbito, a referencia a nivel europeo ven establecida polos criterios e directrices para a garantía de calidade no Espazo Europeo de Educación Superior establecidos pola European Association for Quality Assurance in Higher Education (ENQA). Entre estes criterios, un dos máis relevantes é o que esixe a estes órganos de avaliación a garantía de que o seu funcionamento sexa independente respecto das institucións de educación superior e dos gobernos.

Con esta finalidade, o Consello de Dirección da ACSUG, na súa xuntanza do 14 de xullo de 2008, abordou a modificación dos estatutos da axencia, sendo a procura da referida independencia a finalidade primordial da reforma, na que cabe destacar o deseño dunha nova estrutura orgánica da ACSUG, na que se configura a Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) como o órgano superior de avaliación da ACSUG, atribuíndolle a responsabilidade última e a capacidade de adoptar as decisións respecto destas funcións, dotándoa de total independencia.

Esta reforma culminou coa publicación do Decreto 326/2009, de 11 xuño, polo que se modifica o Decreto 270/2003, regulador da ACSUG, e polo que se consolida a modificación levada a cabo polos Estatutos, recoñecendo á CGIACA como o órgano superior de avaliación da ACSUG, atribuíndolle as competencias para aprobar os distintos procedementos e protocolos de avaliación, informe, certificación e acreditación que correspondan para o desenvolvemento das funcións que esta ten atribuídas.

Finalmente, esta independencia non sería completa se a CGIACA non tivese a capacidade de regular o seu propio réxime de funcionamento. En coherencia, nos Estatutos da ACSUG (artigo 23 e disposición derradeira cuarta) establécese que esta comisión aprobará o seu propio regulamento de funcionamento, dentro do primeiro trimestre, contado desde a data da súa constitución.

De conformidade co exposto, e de acordo coas competencias outorgadas nos Estatutos da ACSUG, acórdase aprobar o regulamento de funcionamento desta comisión, que se xunta como anexo a continuación.

ANEXO
REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN GALEGA DE INFORMES, AVALIACIÓN, CERTIFICACIÓN E ACREDITACIÓN (CGIACA).

Artigo 1º.-Funcións da CGIACA.

A CGIACA, como órgano superior de avaliación da ACSUG, exercerá con total independencia as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación previstas na Lei orgánica 6/2001, de universidades, que a Lei do Parlamento de Galicia 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo lle atribúe a ACSUG; así como as demais funcións análogas propias do ámbito da garantía da calidade universitaria que lle poidan ser encomendadas polo Consello de Dirección da ACSUG, ou pola normativa que resulte de aplicación.

Así mesmo elaborará e aprobará os informes sobre os resultados das avaliacións efectuadas, que se presentarán ao Consello de Dirección para a súa información.

Artigo 2º. Composición da CGIACA.

1. De acordo co disposto nos estatutos da ACSUG, a CGIACA estará composta por:

a) A presidenta ou presidente, nomeado pola persoa titular do departamento que teña atribuídas as competencias en materia de universidades, entre persoas de recoñecido prestixio no ámbito universitario de Galicia, a proposta do Consello de Dirección da ACSUG, que terá unha duración de catro anos, prorrogables por períodos iguais de tempo, sen límites.

No caso de vacancia, ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal análoga, a presidenta ou presidente da CGIACA será substituído polo membro do respectivo órgano, con dereito a voto, que teña maior antigüidade, e, entre os da mesma antigüidade, polo de maior idade.

b) Seis vocais elixidos polo Consello de Dirección da ACSUG, nomeados a través da presidenta ou presidente deste, de entre destacados membros da comunidade académica e científica, por un período de catro anos.

En todo caso, cada dous anos procederase á renovación da metade dos vocais. Ningún vocal poderá ser proposto para outro período inmediato salvo que ocupase o cargo por un período non superior aos dous anos; neste sentido, a primeira renovación da metade dos vocais farase aos dous anos do primeiro nomeamento, por acordo maioritario dos membros da CGIACA.

Dentro dos catro meses anteriores á expiración dos nomeamentos, o pleno do Consello de Dirección da ACSUG deberá nomear aos novos vocais. Os vocais continuarán no exercicio das súas funcións ata que tomen posesión os que os sucedan. No caso de cesamento ou vacante dalgún dos vocais da CGIACA nomearase un substituto para que ocupe o posto polo tempo que restase para rematar o período.

c) A directora ou director da ACSUG, con voz e sen voto, que actuará como secretaria ou secretario.

A CGIACA nomeará unha secretaria ou secretario suplente. Cando se nomee entre os propios membros do órgano, o cargo corresponderá ao vocal de menor idade, que asistirá ás xuntanzas cos dereitos que lle correspondan. En caso contrario, asistirá ás xuntanzas con voz e sen voto.

2. A composición da CGIACA deberá publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 3º.-Independencia da CGIACA.

1. A CGIACA actuará con independencia e adoptará as decisións últimas respecto das funcións que ten atribuídas, sendo a responsable final das mesmas.

2. Os membros da CGIACA, no exercicio das súas funcións, actuarán a título persoal e con plena independencia, garantindo en todo momento que non se produzan conflitos de interese e sometidos á normativa vixente en materia de incompatibilidades.

Artigo 4º.-Abstención dos membros da CGIACA.

1. Os membros da CGIACA comunicarán á presidencia da mesma a súa abstención de intervir nos procedementos nos que se dean algunhas das circunstancias seguintes :

a) Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro en cuxa resolución puidese influír a daquel; ser administrador de sociedade ou entidade interesada, ou ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.

b) Ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados, cos administradores de entidades ou sociedades interesadas e tamén cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.

c) Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.

d) Ter intervención como perito ou como testemuña no procedemento de que se trate.

e) Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo e en calquera circunstancia ou lugar.

2. Cando as circunstancias enumeradas no parágrafo anterior afecten á presidenta ou presidente da CGIACA, a comunicación realizarase á presidencia do Consello de Dirección.

3. A actuación dos membros da CGIACA nos que concorran motivos de abstención non implicará, necesariamente, a invalidez dos actos en que interveñan.

4. A presidencia da CGIACA, ou no seu caso, a do Consello de Dirección poderá ordenar ás persoas en quen se dea algunha das circunstancias sinaladas que se absteñan de toda intervención no expediente.

5. A non abstención nos casos en que proceda dará lugar á responsabilidade xurídica correspondente.

Artigo 5º.-Recusación dos membros da CGIACA.

1. Nos casos previstos no artigo anterior poderá promoverse recusación polos interesados en calquera momento da tramitación do procedemento.

2. A recusación exporase por escrito no que se expresará a causa ou causas en que se funda.

3. No día seguinte, o recusado manifestará á *presidencia da CGIACA, ou no seu caso do Consello de Dirección*, se se dá ou non nel a causa alegada. No primeiro caso, a presidencia do órgano correspondente acordará a súa abstención no procedemento correspondente.

4. Se o recusado nega a causa de recusación, á *presidencia da CGIACA, ou no seu caso do Consello de Dirección* resolverá no prazo de dez días, previos os informes e comprobacións que considere oportunos.

5. Contra as resolucións adoptadas nesta materia non caberá recurso, sen prexuízo da posibilidade de alegar a recusación ao interpor o recurso que proceda contra o acto que termine o procedemento.

Artigo 6º.-Celebración de sesións.

1. A CGIACA constituirase, como mínimo, en xuntanza ordinaria cada dous meses. Así mesmo poderá constituírse en xuntanza extraordinaria cando así o decida o seu Presidente, ou cando o requiran expresamente un mínimo de tres membros con dereito a voto.

2. Para a válida constitución da CGIACA a efectos de celebración de sesións, requirirase a presenza da súa presidenta ou presidente, ou persoa que o substitúa; da secretaria ou secretario titular ou suplente; e polo menos tres vocais.

Artigo 7º.- Réxime de convocatorias.

1. A convocatoria das xuntanzas da CGIACA realizarase mediante un escrito dirixido a cada un dos seus membros, cunha antelación mínima de 72 horas á da celebración da xuntanza. A notificación da convocatoria realizarase telematicamente na dirección electrónica que os membros da CGIACA indiquen expresamente ao efecto.

2. En caso de urxencia, poderá reducirse o prazo ao que se fai referencia no parágrafo anterior a 24 horas.

3. Na convocatoria indicárase a data, hora, lugar, orde do día da xuntanza así como o carácter ordinario ou extraordinario da mesma. Así mesmo, acompañarase a documentación necesaria para a deliberación e adopción dos correspondentes acordos.

Artigo 8º.-Participación dos Comités de Asesores Expertos.

1. A comisión poderá contar, para o exercicio das súas funcións, cos distintos comités de asesores expertos (CAE) que ela mesma constitúa, para o que deberá establecer previamente a súa composición e réxime de funcionamento así como os requisitos e o procedemento de designación destes.

2. A CGIACA asumirá, con carácter xeral, os informes emitidos polos CAE para a adopción dos seus acordos, salvo que apreciase que estes se adoptaron apartándose manifestamente dos criterios previamente establecidos nos procedementos de avaliación. Nestes casos, conforme ao disposto no artigo 24 dos estatutos, solicitaralle ao Consello Asesor que se pronuncie e realice a oportuna proposta para a resolución da controversia.

Así mesmo, a CGIACA poderá solicitar en calquera momento ao Director da ACSUG que eleve ao Consello Asesor aquelas cuestións que considere controvertidas respecto á aplicación ou interpretación dos baremos de avaliación, para que este emita o correspondente informe.

3. Sen prexuízo do establecido e de acordo co artigo 105.2 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), a CGIACA poderá corrixir en calquera momento os erros materiais, de feito ou aritméticos que se apreciasen nos informes emitidos polos CAE.

4. De conformidade co establecido no artigo 89 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), a aceptación dos informes dos CAE servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.

Artigo 9º.-Adopción de acordos.

1. Os acordos da CGIACA serán adoptados polo voto da maioría dos membros que se encontren presentes no momento da votación. En caso de empate, este dirimirase co voto de calidade da presidenta ou presidente.

2. Non se poderán tomar acordos válidos respecto dos asuntos non incluídos na orde do día a menos que na reunión estean presentes todos os membros da CGIACA e o consintan expresamente, e sexa declarada a urxencia do asunto co voto favorable da maioría dos membros con dereito a voto.

Artigo 10º.-Régime xurídico dos acordos.

As decisións que adopte a CGIACA no exercicio das potestades que ten atribuídas, formalizados mediante os correspondentes acordos, esgotarán a vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa.

Artigo 11º.-Régime subsidiario.

De acordo coa disposición adicional primeira dos Estatutos da ACSUG, aplicarase con carácter subsidiario a este regulamento a Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.